



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **30 de agosto de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

20.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE VOGAIS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE VIGO NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE.1836/330.

Dáse conta da proposta do 13/08/18, asinado polo concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

Os vixentes Estatutos da Fundación MARCO, no artigo 16, sinalan que o Padroado terá un máximo de 14 vogais correspondendo un máximo de 9 ás entidades fundadoras dos cales 3 son designados polo o Pleno do Concello de Vigo e 2 pola Xunta de Galicia, únicas “entidades fundadoras” que hoxe persisten das catro que no seu día integran o Padroado.

En reunión de data 20.07.2015 a Xunta de Goberno Local, en uso da atribución sinalada no artigo 127.1.m) da Lei reguladora das bases do réxime local, e consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida tras as eleccións locais, nomeou como representantes municipais no Padroado da Fundación aos concelleiros D. Cayetano Rodríguez Escudero; D. David Regades Fernández e D^a Teresa Egerique Mosquera; consecuencia da renuncia á súa condición de concelleiro, a Xunta de Goberno Local, en reunión de data 16.07.2018, substituíu o representante municipal D. David Regades Fernández pola concelleira D^a Ángeles Marra Domínguez; sendo interese desta Concellería e do goberno municipal levar a cabo a actualización do proxecto da Fundación MARCO, procede instrumentar o compromiso do seu impulso e materialización substituindo á concelleira D^a Teresa Egerique Mosquera, polo que a tal efecto se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo,

PRIMEIRO. Designar representante municipal no Padroado da Fundación MARCO á concelleira D^a Ana Laura Iglesias González.

SEGUNDO. Deixar sen efecto a designación realizada na concelleira D^a Teresa Egerique Mosquera acordada pola Xunta de Goberno Local en reunión de data 20.07.2015.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á concelleira interesada ao obxecto de que proceda á aceptación do cargo ante a Fundación MARCO na próxima reunión do Padroado.

CUARTO. Notificar o presente acordo ao Padroado da Fundación e aos grupos políticos municipais.

QUINTO. O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2018 13:16	Páxina 1 de 2
	Expediente 1836/330	CSV: 27EH5D-3DEA3A-AE5435-ZM73W5-X1T6Z6-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

JRB/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2018 13:16	Páxina 2 de 2
Expediente 1836/330	CSV: 27EH5D-3DEA3A-AE5435-ZM73W5-X1T6Z6-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		